# REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 02.09.2025        Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/08/2025 10:59:18
Nº Rexistro: 8862
Data envio: 27/08/2025 10:59:18.491

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de setembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte:

**Punto 1. Comparecencia**

18535 (12/CPC-000020)
Da directora do Centro Tecnolóxico do Mar, por petición propia, para dar conta da evolución e do funcionamento do Cetmar
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 148f1, do 30.01.2025*

**Punto 2. Preguntas**

2.1 29108 (12/POC-004850)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia da utilización das rías galegas, singularmente da ría de Arousa, como punto de depósito de materiais das dragaxes de portos e do informe emitido polo Cedex ao respecto
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 232, do 11.08.2025*

2.2 30695 (12/POC-005154)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a valoración, xestión e actuacións realizadas pola Xunta de Galicia respecto do recoñecemento da figura das cofradías de pescadores
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239f2, do 21.08.2025*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2025

Patricia García González
Presidenta da Comisión

Asinado o día 27/08/2025 ás 10:34
Por Patricia García González

CSV: REXPG-POsjQH7hf-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/08/2025 10:59:18
Nº Rexistro: 8862
Data envio: 27/08/2025 10:59:18.491

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia García González na data 27/08/2025 10:34:42**

CSV: REXPG-POsjQH7hf-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/08/2025 10:59:18
Nº Rexistro: 8862
Data envio: 27/08/2025 10:59:18.491

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 10:59:19

CSV: REXPG-POsjQH7hf-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO
POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

| | |
|---|---|
| Presidenta | P |
| Patricia García González | |
| Vicepresidenta | P |
| Paula Mouzo Mas | |
| Secretaria | BNG |
| Carmela González Iglesias | |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| Julio Ernesto Abalde Alonso | S |
| Daniel Castro García | BNG |
| María Deza Martínez | P |
| Jesús María Fernández Rosende | P |
| Miguel Fidalgo Iglesias | P |
| María Dolores Hermelo Piñeiro | P |
| Carlos López Font | S |
| Rosana Pérez Fernández | BNG |
| José Daniel Pérez López | BNG |
| María Magdalena Pérez Millares | P |
| Paulo Ríos Santomé | BNG |
| Raúl Santamaría González | P |
| Manuel Santos Costa | P |
| .................................................... | M |

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.09.2025 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.09.2025 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 18535(12/CPC-000020)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora do Centro Tecnolóxico do Mar, por petición propia, para dar conta da evolución e do funcionamento do Cetmar

*Publicación da iniciativa, 148f1, 30.01.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 17:21:26
Nº Rexistro: 18535
Data envio: 27/01/2025 17:21:26.905
Data 27/01/2025 17:21

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo- da Directora do Centro Tecnolóxico do Mar, ***para dar conta da Evolución e funcionamento do CETMAR.***

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. Presidente do Parlamento de Galicia**

CSV: REXPG-4qgLIh5C6-3
Verificación: CVE-PREPAR: 6ea738f2-d3d1-9580-2353-362b341fe337
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/01/2025 17:21:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 17:21:26
Nº Rexistro: 18535
Data envío: 27/01/2025 17:21:26.905

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 17:21:26

CSV: REXPG-4qgLIh5C6-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.09.2025 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.09.2025 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 29108(12/POC-004850)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia da utilización das rías galegas, singularmente da ría de Arousa, como punto de depósito de materiais das dragaxes de portos e do informe emitido polo Cedex ao respecto

*Publicación da iniciativa, 232, 11.08.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:54:16
Nº Rexistro: 29108
Data envío: 18/07/2025 10:54:16.479

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións da Xunta respecto do recente informe do CEDEX sobre os puntos de vertido de dragados nas rías galegas, nomeadamente na ría de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1998, o Ministerio de Fomento habilitou un punto de vertido para os materiais de dragado de portos entre as illas de Ons e Sálvora, na boca sur da ría de Arousa, dentro dunha zona ZEPA, a menos de dúas millas da zona marítima protexida da Illa de Sálvora e a case catro millas da Illa de Ons, moi próxima tamén aos caladoiros de pesca autorizados.

Cando o Ministerio elixiu ese punto de vertido, o expediente non foi sometido a exposición pública nin foi avalado por informes ambientais de consulta pública. Naquel momento, ningún dos arquipélagos da Arousa estaba protexido, aínda non se declarara o Parque Nacional das Illas Atlánticas nin tampouco se designara o Espazo Mariño das Rías Baixas de Galiza como Zona Especial de Protección de Aves.

Dende a súa habilitación, esta área de vertido foi utilizada tanto por Portos do Estado como por Portos de Galiza para depositar materiais dos seus dragados. Dende aquela, millóns de metros cúbicos de lodos e outros materiais fóronse depositando nese punto ata que, en abril de 2021, o Ministerio de Transición Ecolóxica deixou de autorizar os vertidos.



Asinado o día 18/07/2025 ás 10:53
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 18/07/2025 ás 10:53
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REXPG-N80SrMgla-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:54:16
Nº Rexistro: 29108
Data envío: 18/07/2025 10:54:16.479

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Naquel momento, e diante das demandas de dragados que había pendentes de acometer e que, nalgún caso, levaban máis dunha década agardando, Portos de Galiza anunciou públicamente unha mesa de traballo coas confrarías, as organización de produtores, outras entidades profesionais e as administración implicadas “para afondar nas alternativas e para axilizar ao máximo e con garantías a autorización do novo punto de depósito dos materiais a dragar”.

A día de hoxe, descoñecemos se aquela mesa de traballo se chegou a constituír e, se o fixo, cais foron as conclusións do seu traballo. Tampouco se coñecen as tres propostas alternativas para os depósitos que a Xunta de Galiza asegurou ter remitido a Costas e que o propio presidente de Portos de Galiza se negou a desvelar en varias ocasións “por cortesía institucional e mentres Madrid non se pronuncie sobre eles”.

Mais, nun caso e no outro, sería desexábel que o Goberno galego tivese en conta o acordo acadado unanimemente no Parlamento galego, o 26 de xuño de 2019, onde se insta á Xunta á “elaboración dunha proposta alternativa e sustentábel para o depósito dos lodos procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa”.

Agora, o Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX), dependente dos ministerios de Transportes e de Transición Ecolóxica, vén de propoñer como prioritario para depositar os materiais dos dragados dos portos das rías de Arousa e Pontevedra, ou de calquera outro que non se sitúe a máis de 20 millas, o mesmo punto de vertido de Sálvora  que deixou de autorizar en 2021 e que o propio sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa rexeitara unanimemente con anterioridade, en 2019, cando a propia Xunta de Galiza anunciara publicamente a súa intención de utilizar a zona como depósito do dragado do río Lérez.

O BNG, en concordancia co aprobado no Parlamento galego no 2019, rexeita que as rías galegas, e nomeadamente a ría de Arousa, sexa o depósito de toneladas de



CSV: REXPG-N80SrMgla-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:54:16
Nº Rexistro: 29108
Data envío: 18/07/2025 10:54:16.479

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

residuos que poden estar poñendo en risco os ecosistemas. Non só nos parece un despropósito que se poidan verter no punto recomendado máis lodos, senón tamén a permanencia do depósito do que non nos consta que se estea a fecer seguemento nen control das consecuencias do mesmo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o o Goberno galego da utilización das rías galegas como puntos de vertido de materiais de dragados, nomeadamente da da ría de Arousa?

. Considera que a dimensión socioeconómica das actividades pesqueira, marisqueira e de miticultura da ría de Arousa, así como os seus valores naturais, fan dela a ubicación máis axeitada para un punto de vertido de lodos e materiais de dragados? De ser así, por que razón/s?

. Coñece exactamente cantos millóns de metros cúbicos deses materiais se foron depositando no punto de vertido de Sálvora dende 1998 ata 2021?

. Realizou ao longo dese espazo temporal algún estudo que indique cal é a situación dese punto de vertido e a súa posíbel afectación ao ecosistema e ás actividades do sector primario que se levan a cabo na ría de Arousa? De ser así, cais son as conclusión?

. Chegouse a constituír a mesa de traballo anunciada por Portos de Galiza en 2021 para buscar alternativas aos depósitos dos dragados? De ser así, cais foron as súas conclusión e cais foron as ubicacións alternativas ao punto de vertido de Sálvora que barallou?

. Cais foron as alternativas ao punto de vertido de Sálvora propostas a Costas por parte da Xunta de Galiza?



CSV: REXPG-N80SrMgla-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:54:16
Nº Rexistro: 29108
Data envío: 18/07/2025 10:54:16.479

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece o acordo unánime do Parlamento galego do 26 de xuño de 2019? Vai dar cumprimento ao acordado respecto de garantir que os materiais de dragados non afecten ás rías galegas, nomeadamente á de Arousa?

. Que valoración fai do recente informe emitido polo CEDEX?

. Concorda en que o punto de vertido de Sálvora debe ser o prioritario para depositar os materiais de dragado das rías de Arousa e Pontevedra? De ser así, en que se basa?

. Está a facer un seguemento das posíbeis consecuencias que pode causar ese punto de vertido? De ser así, de que xeito se está a levar a cabo, con que perioridicidade e cais son os resultados do mesmo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-N80SrMgla-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:54:16
Nº Rexistro: 29108
Data envío: 18/07/2025 10:54:16.479

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2025 10:53:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2025 10:53:57**

CSV: REXPG-N80SrMgla-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2025 10:54:16
Nº Rexistro: 29108
Data envío: 18/07/2025 10:54:16.479

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/07/2025 10:54:17**

CSV: REXPG-N80SrMgla-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 02.09.2025 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 30695(12/POC-005154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a valoración, xestión e actuacións realizadas pola Xunta de Galicia respecto do recoñecemento da figura das cofradías de pescadores

*Publicación da iniciativa, 239f2, 21.08.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 11:57:54
Nº Rexistro: 30695
Data envío: 08/08/2025 11:57:54.325



**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.**

As confrarías de pescadores son corporacións de Dereito Público que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración sobre temas de interese xeral e referentes á actividade extractiva pesqueira e a súa comercialización, especialmente nos sectores artesanal e de baixura.

Estas entidades públicas sen ánimo de lucro levan pedindo, dende que España entrou na UE, que, por parte de Bruxelas, se recoñeza a figura das confrarías de pescadores e poidan optar, por tanto, aos fondos estruturais como o antigo FEMP e o actual FEMPA. Piden basicamente que se equiparen as confrarías de pescadores ás organizacións de produtos pesqueiros.

É preciso un traballo conxunto das administracións de cara a que as institución comunitarias recoñezan a labor dos pósitos na xestión pesqueira, que logren o pleno recoñecemento dentro da Política Pesqueira Común e poder optar aos fondos estruturais da UE.

En Galicia contamos na actualidade con 63 confrarías de pescadores que ademais da importante labor no eido da xestión pesqueira, da produción e da comercialización levan a cabo un traballo fundamental no eido da responsabilidade social.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:33
Por Carlos López Font

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:33
Por Julio Abalde Alonso

CSV: REXPG-lZfcnCbHk-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 11:57:54
Nº Rexistro: 30695
Data envío: 08/08/2025 11:57:54.325



Por iso, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a UE debe de recoñecer a figura das confrarías de pescadores e poder optar así aos fondos estruturais dela?
2. Que xestións e actuacións leva realizado a Xunta de Galicia de cara a que se materialice esta reivindicación histórica dos pósitos?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2025

CSV: REXPG-tZfcnCbHk-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 11:57:54
Nº Rexistro: 30695
Data envio: 08/08/2025 11:57:54.325

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:33:18**

**Carlos López Font na data 08/08/2025 11:33:26**

CSV: REXPG-tZfcnCbHk-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 11:57:54
Nº Rexistro: 30695
Data envío: 08/08/2025 11:57:54.325

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 11:57:54**

CSV: REXPG-tZfcnCbHk-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/